

Resolución de concesión directa de axudas sociais destinadas a complementar o bono social de electricidade en 2024.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e a Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modificaron a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, creando un programa de concesión de axudas directas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

A axuda que se conceda ten por finalidade compensar os gastos necesarios para garantir a subministración de enerxía eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

Estas axudas financiaranse con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu outorgamento estará condicionado á existencia e dispoñibilidade orzamentaria e, en todo caso, ao límite de dispoñibilidade orzamentaria fixado na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para cada anualidade.

En cada exercicio serán persoas beneficiarias aqueles consumidores que sexan beneficiarios do bono social de electricidade de consumidor vulnerable severo a 31 de decembro do ano anterior e ademais estean nalgunha das seguintes situacións:

- a) Sexan beneficiarios da Risga (renda de inclusión social de Galicia).
- b) Sexan beneficiarios do IMV (ingreso mínimo vital).
- c) Sexan beneficiarios dunha PNC (pensión non contributiva).

Non obstante, se na Comunidade Autónoma non se dispuxer dos datos do bono social de electricidade de consumidor vulnerable severo en 31 de decembro do ano anterior, poderán tomarse como referencia os últimos datos dispoñibles das persoas beneficiarias. En todo caso, os datos do resto das prestacións tomarán como referencia o 31 de decembro do ano anterior.

Segundo. A contía da axuda máxima por beneficiario concrétese na disposición adicional decimo sétima da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. A Consellería de Economía e Industria estableceu que a axuda correspondente ao ano 2024 será de 150 € e 225 € no caso de familias numerosas.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. O artigo 32 do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria dispón que o Servizo de Infraestruturas e Promoción Enerxética é o competente para a xestión e tramitación das axudas sociais no ámbito enerxético dirixidas a paliar a pobreza enerxética de determinados consumidores.

O artigo 15.6 da Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica determina que a xestión e pagamento das axudas poderán instrumentarse a través da consellaría competente en materia de enerxía ou da consellaría competente en materia de inclusión social atendendo á efectiva disposición dos créditos orzamentarios.

Segunda. A concesión destas axudas realízase de forma directa de conformidade co o establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os artigos 19.4 b) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 39 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao vir impostas por unha norma con rango legal.

En todo caso, garántese a posibilidade de renunciar á axuda por parte das persoas beneficiarias que así o soliciten.

Vista a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Lei 9/2007, do 13 de xuño e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de conformidade coas competencias que me atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia.

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e finalidade da axuda concedida

1. Esta resolución ten por obxecto a concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
2. A axuda ten como finalidade compensar os gastos necesarios para garantir a subministración de enerxía eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.



Segundo. Compatibilidade con outras modalidades de axudas

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, das que puidesen beneficiarse as persoas destinatarias da axuda. Así mesmo, será compatible coa percepción do bono social de electricidade.

Terceiro. Crédito orzamentario

Estas axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2025-09-04-733A-480.10 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 polo importe de 1.955.850 €.

Cuarto. Contía da axuda

A contía da axuda máxima por beneficiario concrétase na disposición adicional decimo sétima da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. A Consellería de Economía e Industria estableceu que a axuda correspondente ao ano 2024 será de 150 € e 225 € no caso de familias numerosas.

Quinto. Persoas beneficiarias e publicación

1. De acordo co artigo 15 da Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, en cada exercicio serán persoas beneficiarias aqueles consumidores que sexan beneficiarios do bono social de electricidade de consumidor vulnerable severo a 31 de decembro do ano anterior e ademais estean nalgunha das seguintes situacións:
 - a) Sexan beneficiarios da Risga (renda de inclusión social de Galicia).
 - b) Sexan beneficiarios do IMV (ingreso mínimo vital).
 - c) Sexan beneficiarios dunha PNC (pensión non contributiva).

Para a concreción das persoas beneficiarias tivéronse en conta os últimos datos dispoñibles para a tramitación do bono social térmico (31.12.2023) así como a situación de vulnerabilidade na data de cruzamento dos datos (31.12.2024).

No exercicio 2024 o número de persoas beneficiarias é de 12.395 persoas, das cales 1.288 corresponden a familias numerosas, por un importe total de 1.955.850 €.



2. A relación de persoas beneficiarias publicárase no enderezo <https://economia.xunta.gal/bono-social>, con indicación das persoas beneficiarias coa documentación completa e os que teñen que comunicar determinados datos para poder cobrar a axuda. A publicación realizarase de conformidade coas garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
3. Unha vez publicada a relación as persoas beneficiarias que teñen que presentar documentación para completar o seu expediente disporán dun prazo de 10 días hábiles para facelo.
4. No mesmo prazo de 10 días poderán comunicar a renuncia á axuda. Transcorrido o devandito prazo, entenderase que a axuda foi tacitamente aceptada.

Sexto. Documentación a achegar para o cobramento

Non é preciso achegar documentación para proceder ao cobramento, sempre que a administración dispoña de todos os datos correctos.

No caso de que o beneficiario teña que presentar documentación para completar o expediente e esta estea incompleta, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas requirirá a seguinte documentación necesaria, segundo proceda:

- a) Certificación bancaria acreditativa da titularidade da conta da persoa beneficiaria ou da persoa autorizada para proceder ao cobramento da axuda.
- b) O DNI da persoa beneficiaria da axuda e da persoa autorizada para proceder ao cobramento da axuda se non coincide coa persoa beneficiaria.

Sétimo. Comunicación complementaria da concesión

De xeito complementario á publicación da relación de persoas beneficiarias prevista no apartado quinto, a concesión da axuda comunicárase ás persoas beneficiarias mediante correo postal individualizado.

Oitavo. Modo de presentar a documentación e información

1. A persoa beneficiaria poderá comunicar a renuncia, consultar e corrixir os datos, ou comunicar os datos pendentes a través dun dos seguintes medios:
 - a) Accedendo ao formulario electrónico a través do seguinte enlace: <https://bonosocialtermico.xunta.gal/>, identificándose con certificado dixital, DNI electrónico ou Chave365. Se non se dispón dos medios



necesarios, pode acudir aos puntos de acceso público, a internet ou aos servizos sociais do respectivo concello.

- b) Presentando escrito, segundo o modelo que se lle comunicou individualmente por correo postal, dirixido á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, Consellería de Economía e Industria, Rúa Avelino Pousa Antelo, 5 (Edificio INEGA), 15781 Santiago de Compostela, en calquera rexistro das administracións públicas ou oficina de Correos.

- 2. Para obter máis información sobre esta axuda, pode acceder ao enderezo <https://economia.xunta.gal/bono-social>, ou chamar aos seguintes teléfonos:
Ourense: 988386743, 988386752
Vigo: 986817822, 986817553
Pontevedra: 986805222
A Coruña: 981184989
Lugo: 982294938, 982294670
Santiago de Compostela: 981957024

Noveno. Pagamento

A Administración procederá ao pago automático do 100% da axuda sen necesidade de que a persoa beneficiaria presente xustificación adicional.

Este pago realizarase na conta corrente que conste no expediente do bono social térmico ou, no seu caso, na conta corrente comunicada pola persoa beneficiaria.

Décimo. Control e verificación

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta resolución estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas polo que as persoas beneficiarias quedan obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida por estes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Undécimo. Reintegro das axudas

Conforme ao establecido no artigo 40.1.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.



Duodécimo. Transparencia e bo goberno

En virtude da situación de vulnerabilidade das persoas destinatarias destas axudas, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Consellería de Economía e Industria non publicará a relación das persoas beneficiarias nin o importe das axudas concedidas.

Décimo terceiro. Protección de datos

Os datos de carácter persoal que se faciliten, para a xestión da Axuda complementaria ao Bono Social Eléctrico, serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia – Consellería de Economía e Industria.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación e supresión , así como opoñerse ao seu tratamento segundo se especifica en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Décimo cuarto. Impugnación

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Economía e Industria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

A conselleira de Economía e Industria

M^a Jesús Lorenzana Somoza

